




Manual técnico do 4º nivel do Sistema de información de usuarios de servizos sociais, SIUSS

XUNTA DE GALICIA

Manual técnico do 4º nivel do Sistema de información de usuarios de servizos sociais, SIUSS

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Familia e Inclusión
2015

1ª Edición, 2015

Elabora:

Dirección Xeral de Familia e Inclusión, Consellería de Traballo e Benestar



© Xunta de Galicia. 2015. Manual técnico do 4º nivel do Sistema de información de usuarios de servizos sociais, SIUSS

Edita: Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar , Dirección Xeral de Familia e Inclusión

URL: <http://ediciontraballo.xunta.es/web/portal/publicacions-recursos?activo2=sop4>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIgual 3.0 España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:

https://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.es_ES

Maquetación: Antonio Lameiro Ces, Sección de Publicacións e Estatísticas

Índice

II INTRODUCCIÓN	7
I Obxectivos do manual	8
II Conceptos xerais sobre o SIUSS	9
1 Definición	9
2 Contido	9
3 Estrutura administrativa	9
4 Utilidades	10
III O cuarto nivel	11
IV Estrutura dos códigos do cuarto nivel	11
V Vantaxes do uso do SIUSS	14
1 Vantaxes xerais	14
2 Vantaxes específicas da implantación do cuarto nivel	14
VI Descrición dos códigos de valoración	15
VII Descrición dos códigos de demandas	41
ANEXOS	81

Introdución

O Sistema de información de usuarios de servizos sociais é o programa informático que aparece a comezos dos anos noventa para adaptar a ficha social ás novas tecnoloxías. Coa súa implantación prodúcese unha informatización do proceso de recollida de datos das persoas usuarias para o seu posterior estudo e explotación estatística nos distintos niveis que interveñen no sistema de servizos sociais (unidades de traballo social, centros de servizos sociais, comunidades autónomas e ministerio).

No ano 2006 elaborouse o Manual do cuarto nivel de aplicación cun grupo de traballo de profesionais dos servizos sociais comunitarios de toda Galicia e da Administración autonómica.

Tratábase de recoller e describir os códigos nos servizos sociais comunitarios de Galicia nos que as traballadoras e traballadores sociais dos servizos sociais comunitarios debían rexistrar as intervencións sociais no SIUSS, coa posibilidade de recoller as demandas, valoracións e recursos propios existentes na nosa comunidade autónoma atendendo o noso marco normativo.

A existencia de manuais anteriores que detallaban de maneira exhaustiva o contido e a utilización do SIUSS fixo que o Manual do 4º nivel se centrara no cuarto nivel de implantación e explicase unicamente a parte troncal do sistema, as intervencións e as demandas.

Desde a elaboración daquel primeiro Manual, foi mudando o contexto no que se desenvolven os servizos sociais na nosa comunidade, tanto no que atinxe ao Sistema galego de servizos sociais como ao Sistema galego de atención á dependencia, que facían necesaria unha revisión e actualización dos recursos e demandas incorporados ao Manual e ao SIUSS.

Froito desa revisión, feita desde unha metodoloxía participativa, na que se incorporaron as achegas das e dos profesionais dos servizos sociais comunitarios, recollidas a través dunha enquisa, é esta nova versión do Manual do 4º nivel.

I OBXECTIVOS DO MANUAL

1 Obxectivo xeral

Explicar e implantar o cuarto nivel do SIUSS en Galicia, é dicir, a posibilidade de que os traballadores sociais de atención primaria poidan rexistrar dunha maneira homoxénea as súas intervencións profesionais

2 Obxectivos específicos

Recoller as valoracións e recursos específicos dos que se dispón na Comunidade Autónoma galega en materia de servizos sociais. Unificar os criterios de actuación profesional no rexistro das intervencións. Ter un coñecemento exhaustivo das necesidades e dos recursos específicos da comunidade galega. Facilitar e fomentar o uso do SIUSS, así como conseguir a través deste unha información fiable e relativa aos servizos sociais comunitarios e persoas usuarias

II CONCEPTOS XERAIS SOBRE O SIUSS

1 Definición

O Sistema de información de usuarios de servizos sociais (SIUSS) é o soporte documental informático que lles permite aos profesionais recoller os datos necesarios das persoas usuarias de servizos sociais para a súa intervención profesional, seguimento e avaliación social, así como para a súa explotación estatística.

Este soporte contempla a protección de datos de carácter persoal informatizados, de forma que soamente os servizos sociais de atención primaria teñan a posibilidade de xerar e acceder aos datos individuais das persoas usuarias, protexidos pola Lei orgánica 5/1992 de regulación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal.

Nin a comunidade autónoma nin a Administración central recolle información personalizada, senón codificada, coa finalidade de proceder á súa explotación para unha mellor planificación e avaliación do sistema de servizos sociais.

Para que a información sexa o máis homoxénea posible, debido á diversidade de todo o territorio estatal, empréganse variables xa homologadas, procedentes de enquisas do INE, do Plan estatístico de acción social e das definicións aprobadas polas comunidades autónomas, no marco do Plan concertado de prestacións básicas de servizos sociais das corporacións locais.

2 Contido

O contido do SIUSS estrutúrase en dúas partes. Por un lado, a parte troncal, onde se recollen todos os datos relativos ás persoas usuarias e ás intervencións profesionais que se realizan con elas. E por outro lado, uns módulos específicos de xestión de recursos e programas como o módulo de axuda no fogar, malos tratos á infancia e violencia de xénero.

Á hora de realizar este manual, a parte de máis entidade vai ser a troncal porque é aquí onde se desenvolve o cuarto nivel do SIUSS, no apartado de intervencións.

Deste xeito, dende as unidades de traballo social (UTS) recóllense os datos relativos aos usuarios e ás intervencións profesionais que se realizan.

- Datos da persoa usuaria
- Datos sociofamiliares
- Datos do hábitat
- Intervención social

É precisamente neste último apartado, o da intervención profesional, onde se atopan os elementos de toda intervención social. Polo tanto, os niveis do SIUSS avanza e permiten traballar polo miúdo a intervención profesional, rexistrando agora, coa instalación do cuarto nivel do SIUSS, as valoracións, as demandas e os recursos (idóneos e aplicados) propios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3 Estrutura administrativa

Na súa configuración, o SIUSS segue a estrutura da Administración pública. Para a súa implantación, segue un esquema descendente, de maneira que o ministerio crea o SIUSS para as comunidades autónomas, éstas definen os centros de servizos sociais en función dos proxectos financiados de acordo co Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios, e máis coas achegas do Plan concertado de prestacións básicas de servizos sociais e, por último, os centros de servizos sociais definen as súas UTS, segundo as necesidades de xestión de servizos sociais municipais. E, pola contra, o traslado de información entre os distintos niveis da Administración efectúase de forma

ascendente, a través da xeración de datos de explotación de tal forma que os datos estatísticos son compartidos polos niveis superiores, é dicir, as UTS xeran os datos de explotación para o seu centro de servizos sociais, para a comunidade autónoma e para o Ministerio.

Na actualidade estase a traballar coa versión 5 de SIUSS, unha aplicación en contorno web, á que se accede mediante certificado electrónico de sinatura válida e admitida polo Ministerio de Sanidade Servizos Sociais e Igualdade.

Os datos existentes serán accesibles dende calquera sitio, sempre que se teña acceso á internet e ao certificado electrónico de sinatura válida; este acceso estará limitado ao nivel ao que pertenza o usuario e ao rol que teña asignado dentro da aplicación.

A estrutura é a seguinte:

- **Unidade de traballo social (UTS):** neste nivel obtense e rexístrase a información relativa ás persoas usuarias de servizos sociais.
- **Centro de servizos sociais (CSS):** Definen a estrutura das UTS atendendo o territorio e realiza as explotacións estatísticas das súas UTS's
- **Comunidade autónoma (CCAA):** Define a estrutura dos CSS do seu territorio e realiza as explotacións estatísticas dos servizos sociais comunitarios para o estudo, planificación e avaliación do Sistema
- **Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais (MTAS):** Obtén os datos estatísticos das CCAA e realiza as explotación dos servizos sociais comunitarios de todo o territorio.

Dos catro niveis anteriores, só lles corresponde ás UTS a toma de datos, polo que todos os demais dependen delas para as explotacións estatísticas correspondentes. Disto despréndese a importancia que ten a rigorosidade á hora de cubrir a ficha social por parte dos/as profesionais de traballo social, de igual xeito que o teñen outros/as profesionais técnicos dos servizos sociais comunitarios, xestores dos distintos módulos de SIUSS. Os niveis superiores son os encargados de garantir a homoxeneización das táboas de codificación e o bo funcionamento do sistema

4 Utilidades

Facilita a recollida de información sobre os usuarios por parte dos profesionais.

Permite ter un coñecemento sobre o perfil sociodemográfico da poboación, as súas demandas, as súas necesidades e os recursos que se lle aplican.

Permite ter un coñecemento real e puntual sobre as necesidades e a realidade social de cada zona.

Achega fiabilidade para a planificación dos servizos sociais ao recoller todas as UTS a información de acordo cuns criterios homoxéneos.

Posibilita o intercambio dun gran volume de información entre os distintos niveis da Administración, co fin de establecer unha correcta coordinación para a acción.

III O CUARTO NIVEL

En servizos sociais, o fin último é a intervención coa persoa usuaria para mellorar a situación que presenta cando acode a estes. Así, o apartado de intervencións é o máis relevante dentro de toda a estrutura do sistema.

Dende que se implantou o SIUSS, tratouse de mellorar a maneira de rexistrar cada unha das actuacións profesionais. É agora, coa chegada do cuarto nivel, cando se consegue o obxectivo final de recoller de maneira específica cada un dos elementos das intervencións profesionais nos servizos sociais comunitarios, de acordo coa normativa da comunidade autónoma.

Estas intervencións, dentro da estrutura do SIUSS, establécense en catro partes:

- as valoracións de cada caso
- as demandas realizadas polas persoas usuarias
- os recursos idóneos para cada situación
- os recursos aplicados.

Grazas ao cuarto nivel, os elementos da intervención social vanse precisar de tal maneira que podemos ter un coñecemento exhaustivo da realidade galega en materia de servizos sociais.

IV ESTRUCTURA DOS CÓDIGOS DO CUARTO NIVEL

As variables Valoración, Demanda, Recurso idóneo e Recurso aplicado foron clasificadas, cada unha delas, por niveis, para ir facendo unha aproximación do máis xeral ao máis específico.

Este sistema facilita o proceso de toma de decisións, xa que, unha vez situado nunha categoría troncal de nivel un, o profesional soamente debe moverse nas ramas que se derivan dese tronco, e pode afinar en maior medida a descrición de valoración, demanda ou recurso.

As codificacións, unha vez elixido o tronco e as ramas ou subcategorías, formaranse con seis díxitos.

O cuarto nivel corresponde á valoración, demanda e/ou recurso específico que define cada unha das comunidades autónomas en función dos existentes nestas.

Como nos niveis anteriores do SIUSS, no cuarto nivel asígnaselle un código a cada valoración, demanda e recurso. Séguese a estrutura dos niveis anteriores e a este engádeselle un dígito máis, que vai do 0 ao 9. A estrutura queda da seguinte maneira:

VALORACIÓNS

Nivel 1: grupo de valoración, 1 dígito

Nivel 2: tipo de valoración, 2 díxitos

Nivel 3: valoración, 2 díxitos

Nivel 4: valoración específica, 1 dígito

DEMANDAS/RECURSO

Nivel 1: grupo de demanda/recurso, 1 dígito

Nivel 2: tipo de demanda/recurso 2 dígitos

Nivel 3: demanda/recurso, 2 dígitos

Nivel 4: demanda específica/recurso específico, 1 dígito

Exemplos de estrutura dos distintos niveis:

a) Valoracións

1.02.04.6 Información sobre prestación familiar por fillo/a a cargo con discapacidade

GRUPO- Primeiro nivel: 1. Necesidade relacionada coa adecuada información sobre o acceso aos recursos.

TIPO- Segundo nivel: 1.02. Información sobre outros recursos de protección social.

DESCRIPCIÓN- Terceiro nivel: 1.02.04. Pensiones.

VALORACIÓN ESPECÍFICA-Cuarto nivel: 1.02.04.6. Prestación familiar por fillo/a a cargo con discapacidade.

b) Demandas

2.03.02.2 Gabinete orientación familiar

GRUPO- Primeiro nivel: 2. Prestación e actuación, apoio á unidade convivencial e de axuda no fogar.

TIPO- Segundo nivel: 2.03. Outros apoios á unidade convivencial.

DESCRIPCIÓN- Terceiro nivel: 2.03.02. Apoio á estruturación familiar e dinamización relacional.

DEMANDA ESPECÍFICA- Cuarto nivel: 2.03.02.2. Gabinete de orientación familiar.

A estrutura dos códigos é a seguinte: nos elementos das intervencións observamos que o primeiro código do cuarto nivel, o dígito "0", sempre vai corresponder co enunciado do código do nivel anterior (nivel 3). E nos seguintes códigos, do 1 ao 9, é onde se concreta a valoración, demanda ou recurso que se vai aplicar na intervención correspondente. Nalgúns casos só aparece o código 0, porque non é posible especificar máis a valoración ou demanda. Noutros, cada profesional sinalará o código concreto que se axuste a cada intervención.

Exemplos da estrutura dos códigos

Exemplo 1 Valoración profesional

Queremos rexistrar que o/a profesional de referencia lle facilita a unha persoa usuaria información sobre teleasistencia, polo que ten que sinalar o código

1.01.02.5 Teleasistencia. Entón vaise atopar coa seguinte estrutura:

- Primeiro nivel: 1. Necesidade relacionada coa adecuada información sobre o acceso aos recursos.
- Segundo nivel: 1.01. Información sobre as prestacións dos servizos
- Terceiro nivel: 1.01.02. Información sobre prestacións de apoio á unidade de convivencia e axuda no fogar.
- Cuarto nivel:
 - 1.01.02.0 Información sobre prestacións de apoio á unidade de convivencia e axuda no fogar
 - 1.01.02.1 Axuda no fogar
 - 1.01.02.2 Centros de día
 - 1.01.02.5 Teleasistencia
 - 1.01.02.6 Programa de aplicación de novas tecnoloxías para persoas maiores
 - 1.01.02.7 Axudas técnicas
 - 1.01.02.8 Axudas económicas de apoio á familia
 - 1.01.02.9 Programas de respiro familiar

Exemplo 2 Rexistro de demandas ou recursos

Queremos rexistrar nunha intervención con sector de referencia muller que o recurso idóneo é un aloxamento alternativo nun centro público para mulleres, polo tanto, imos marcar o código 3.01.07.0. - Centro público de mulleres.

- Primeiro nivel: 3. Prestacións, actuacións e medidas de aloxamento alternativo.
 - Segundo nivel: 3.01. Residencias e internados.
 - Terceiro nivel: 3.01.07. Centro público de mulleres
 - Cuarto nivel: 3.01.07.0. Centro público de mulleres
- (Neste caso non hai máis códigos no cuarto nivel, porque non existen máis recursos destas características)

V VANTAXES DO USO DO SIUSS

1 Vantaxes xerais

- Rexistro informático dos expedientes familiares dos servizos sociais comunitarios.
- Axilización da xestión do rexistro de datos.
- Informatización de todos os datos relativos ás persoas usuarias.
- Unificación da información recollida.
- Explotación estatística dos datos rexistrados.
- Seguimento da evolución das necesidades e demandas.
- Avaliación e planificación de políticas sociais.

2 Vantaxes específicas da implantación do cuarto nivel

- Ampliación do expediente de cada persoa usuaria dos servizos sociais de atención primaria.
- Un mellor e máis amplo rexistro das intervencións, o que repercute na optimización do traballo dende servizos sociais.
- Precisión das necesidades, tanto nos centros de servizos sociais como no ámbito da comunidade autónoma.
- Detállanse os recursos que existen na nosa comunidade autónoma, o seu grao de utilización e a súa necesidade.

Todo o anterior permite realizar unha explotación pormenorizada das intervencións que se levan a cabo nos departamentos de atención primaria dos concellos galegos, co que se pode realizar unha avaliación e planificación do Sistema de servizos sociais de Galicia.

VI DESCRICIÓN DOS CÓDIGOS DE VALORACIÓN

CÓDIGOS DE VALORACIÓN

Necesidade de información

NIVEL	DENOMINACIÓN	DÍXITOS
NIVEL 1	Grupo de valoración	1 díxito
NIVEL 2	Tipo de valoración	2 díxitos
NIVEL 3	Valoración	2 díxitos
NIVEL 4	Valoración específica	1 díxito

GRUPO VALORACIÓN

1 SITUACIÓN DE NECESIDADE RELACIONADA CUNHA ADECUADA INFORMACIÓN SOBRE O ACCESO AOS RECURSOS

Este tipo de valoración de necesidades derívase dun descoñecemento dos dereitos sociais que lles corresponden aos cidadáns e dos recursos dispoñibles para a súa efectividade; todo isto referido non só á área específica de servizos sociais, senón aos recursos de protección social e de solidariedade.

Inclúe non só o descoñecemento absoluto, senón a inadecuada información e incluso aquelas circunstancias persoais ou sociais que dificultan o acceso a tales recursos (poderían estar entre elas, carencias culturais, illamento, razóns de idade ou calquera outra).

É necesario sinalar que en todas as intervencións dos servizos sociais se adoita formular a necesidade dunha información previa dos recursos que se van utilizar. Nestes casos, a información pode considerarse condición intrínseca da aplicación do recurso correspondente, polo que NON é necesario, en todos os casos, mostrar estavaloración se vai vinculada á aplicación dun recurso do propio sistema. É dicir, unha cousa é que se requira unha “información ou asesoramento sobre...”, (neste caso consignarase este apartado do primeiro nivel das categorías troncais), e outra é que exista unha “situación de necesidade relacionada con...” (adecuada convivencia persoal, adecuada integración social, falta de medios para a subsistencia), neste caso codificarase a categoría correspondente e non esta primeira de información. É importante ter en conta estes apuntamentos para rexistrar axeitadamente as intervencións xa que esto vai reflectir na calidade dos datos recollidos e posteriormente analizados.

A solicitude de información por parte das persoas usuarias precede a toda demanda, pero non debemos abusar rexistrando no grupo 1 de información e orientación..., xa que esta reiteración de códigos do grupo 1 desvirtúa o traballo profesional que quedaría reducido a prestar información á cidadanía

101- INFORMACIÓN SOBRE AS PRESTACIÓNS DOS SERVIZOS: única e exclusivamente cando se facilita información. NON se rexistrarán aquelas informacións que deriven na aplicación dun recurso, neste codifícase o recurso correspondente.

- **10101- INFORMACIÓN SOBRE, INFORMACIÓN ORIENTACIÓN, VALORACIÓN E MOBILIZACIÓN DE RECURSOS**

- 101010- Información prestacións, información orientación, valoración e mobilización de recursos
- 101011- Recursos e servizos do sistema de servizos sociais: necesidade de información sobre todos aqueles recursos, servizos e equipamentos que se desenvolvan dende servizos sociais.
- 101012- Recursos institucionais non gobernamentais: necesidade de información sobre ONG, asociación/federación/confederación de persoas discapacitadas, persoas maiores, menores, mulleres, saúde e persoas emigrantes-inmigrantes.
- 101013- Programas sectoriais do propio centro: necesidade de información que se lle facilita á persoa usuaria sobre todos aqueles programas concretos e específicos do propio CSS do concello ou mancomunidade.
- 101014- Outras informacións, prestacións, orientacións, valoracións e mobilizacións de recursos.
- 101015- Atención temperá Enténdese a atención temperá como un conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e ao seu contorno, e que ten por obxectivo dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social, Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá. (DOG nº 244 do 23/12/2013).

- **10102- INFORMACIÓN SOBRE PRESTACIÓNS, APOIO Á UNIDADE DE CONVIVENCIA E AXUDA NO FOGAR**

- 101020- Información sobre prestacións, apoio á unidade de convivencia e axuda no fogar
- 101021- Axuda no fogar: necesidade de información relativa ao Programa de axuda no fogar que desenvolve o concello regulado pola normativa correspondente (requisitos, custo, funcionamento, poboación destinataria, profesionais ao cargo, finalidade do recurso...).
- 101022- Centros de día: necesidade de información relativa aos centros abertos en réxime diúrno, tanto públicos como privados, nos que se proporciona atención a determinados colectivos sociais (que persoas poden acceder, con que servizos contan estes centros, requisitos, actividades que se levan a cabo, custos...).
- 101025- Teleasistencia: necesidade de información sobre o servizo de atención telefónica ininterrompida, que conta cun equipamento de comunicacións e informática específicos, ten un carácter preventivo e de atención para a permanencia da persoa usuaria no seu medio (funcionamento, usuarios, custos, necesidade dun equipamento específico na vivenda...).
- 101026- Programa de aplicación de novas tecnoloxías para as persoas maiores: necesidade de información sobre un dispositivo que pon ao alcance dos coidadores da persoa diagnosticada de demencia un pequeno equipo, que integra un teléfono móbil con tecnoloxía GSM e un módulo de localización xeográfica vía satélite (GPS), cun centro de control dende o que é posible recuperar a posición exacta de calquera dos equipos.
- 101027- Produtos de apoio: necesidade de información sobre a posibilidade de acceso a determinado instrumental, como camas articuladas, cadeiras de rodas, mediante subvencións para cubrir o custo de material técnico.
- 101029- Programas de respiro familiar: necesidade de información sobre as distintas modalidades do programa, tanto para as persoas maiores de 16 anos con recoñecemento de discapacidade ou de dependencia como para aquelas outras que, non podendo acreditar os requisitos anteriores, requiran da atención dun

coidador, á vista do informe médico e social (requisitos, modalidades, servizos que ofrece o programa, prazas, centros nos que se desenvolve, documentación, custos...).

- 10103– INFORMACIÓN SOBRE PRESTACIÓNS DE ALOXAMENTO ALTERNATIVO: rexistrárase sempre que se facilite información sobre cada un dos seguintes recursos e servizos, condicións de aloxamento, tipo de po-boación destinataria, medios, accesibilidade...
 - 101030- Información sobre prestacións de aloxamento alternativo
 - 101031- Residencia: necesidade de información sobre centros, tanto públicos como privados, destinados á vivenda permanente e común, nos que se presta unha asistencia integral e continuada a diferentes colectivos.
 - 101033- Vivendas tuteladas: necesidade de información sobre todos aqueles aloxamentos, tanto públicos como privados, permanentes ou temporais, que facilitan unha convivencia normalizada e integradora para aquelas persoas que teñan dificultade de tipo social e económico.
 - 101034- Acollemento familiar: necesidade de información relativa ás distintas modalidades de acollemento familiar.
 - 101035- Acollemento familiar de menores: regulado polo Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia. (DOG nº 45, do 06/03/2000) e Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. (DOG nº 134 do 13/07/2011)
 - 101036- Acollemento familiar de persoas maiores e persoas con discapacidade: regulado polo Decreto 318/2003, do 26 de xuño.
 - 101037- Centro de acollida: necesidade de información sobre aqueles centros residenciais, tanto públicos como privados, destinados a proporcionar aloxamento alternativo, con carácter urxente e de forma temporal, para persoas con graves conflitos convivenciais ou que, por razóns excepcionais, carezan de medio familiar axeitado.
 - 101038- Aloxamento de urxencia: necesidade de información sobre outros aloxamentos residenciais, tanto públicos como privados, que proporcionen aloxamento alternativo con carácter de urxencia, así como actuacións que esixan unha resposta rápida, tales como pagamentos de hostais, pensións, alugamentos...
 - 101039- Albergue: necesidade de información sobre todos aqueles centros, tanto públicos como privados, destinados a proporcionar aloxamento temporal a persoas sen teito.
- 10104- INFORMACIÓN SOBRE PRESTACIÓNS DE INSERCIÓN SOCIAL: hai que ter en conta que existen centros, programas e actuacións de inserción social que non son ocupacionais.
 - 101040- Información sobre prestacións de inclusion social
 - 101041- Información sobre centros, programas e actuacións de inclusion social
 - 101042- Información sobre centros, programas e actuacións ocupacionais
 - 101043- Información sobre centros, programas e actuacións de relacións sociais e de ocio
 - 101044- Información sobre programas e actuacións de prevención e promoción social
 - 101045- Información sobre actividades, programas e actuacións do Plan Galego de Inclusión Social
- 10105-RECURSOS COMPLEMENTARIOS PARA A COBERTURA DE NECESIDADES DE SUBSISTENCIA
 - 101050- Recursos complementarios para a cobertura de necesidades de subsistencia

- 101051- Pensións non contributivas: Real decreto lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que aproba o texto Refundido da Lei xeral da seguridade social (BOE do 29 de xuño).
- 101052- Axudas económicas públicas periódicas
- 101053- Axudas económicas non periódicas por necesidade de subsistencia (Xunta de Galicia): axudas económicas autonómicas, de carácter extraordinario e de pagamento único, destinadas a paliar situacións de urxencia que orixinen gastos extraordinarios, co fin de cubrir necesidades específicas de carácter básico e urxente.
- 101054- Axudas económicas non periódicas por necesidade de subsistencia (municipais): axudas económicas municipais, temporais e de carácter extraordinario, destinadas a resolver necesidades básicas e urxentes.
- 101055- Axudas individuais para persoas maiores e persoas con discapacidade: convocatoria anual de axudas de carácter non periódico para persoas maiores e persoas con discapacidade, en réxime de concorrencia competitiva, residentes en Galicia,
- 101056- Axudas en especies: necesidade de información sobre todas aquelas axudas de alimentos, mobles, roupeiro, libros, material escolar e xoguets.
- 101057- Prestación por fillo/a a cargo da Seguridade Social: asignación económica que se recoñece por cada fillo a cargo do beneficiario, menor de 18 anos ou maior afectado dunha minusvalía en grao igual ou superior ao 65%, calquera que sexa a súa filiación, así como polos menores en acollemento familiar, permanente ou preadoptivo, sempre que non se supere o límite de ingresos establecido.
- 101058- Prestación de pagamento único por fillo/a menor a cargo (Xunta de Galicia): convocatoria anual da prestación anual da Xunta (persoas beneficiarias, requisitos, custo da axuda, documentación, prazos...).
- 10106- NECESIDADE DE INFORMACIÓN SOBRE A DEPENDENCIA
 - 101060- Necesidade de información sobre a dependencia.
 - 101061- Necesidade de información sobre servizos do SGAD.
 - 101062- Necesidade de información sobre as prestacións económicas/libranzas do SGAD.

102- INFORMACIÓN SOBRE OUTROS RECURSOS DE PROTECCIÓN SOCIAL: nesta subcategoría inclúense todas aquelas necesidades derivadas dunha insuficiente ou inadecuada información para o acceso ou utilización axeitada das prestacións ou servizos que teñen recoñecidos os sistemas reflectidos no seguinte nivel.

Con frecuencia, este tipo valoración de situacións de necesidade caracterízase non só pola demanda de información, senón pola realización de trámites, xestións ou actividades tendentes á consecución do recurso.

- 10201- SANIDADE
 - 102010- Sanidade
 - 102011- Tarxeta sanitaria: necesidade de información sobre a tramitación e dereitos e deberes desta.
 - 102012- Prestacións sanitarias do Sergas: necesidade de información sobre todas aquelas prestacións sanitarias procedentes do Sergas (por exemplo, as prestacións ortoprotésicas).
 - 102013- Asistencia sanitaria-farmacéutica (LISMI): necesidade de información relativa a prestación da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social das persoas con discapacidade.
 - 102014- Dispositivos de saúde mental: necesidade de información relativa a centros, asociacións e programas, tanto de titularidade pública como privada, para persoas con enfermidade mental. Diferéncianse dous tipos de dispositivos: básicos e complementarios. Básicos: unidades de saúde mental, hospitais de día,

unidades de hospitalización psiquiátrica e unidades específicas. Complementarios: unidades hospitalarias de rehabilitación psiquiátrica e unidades de apoio comunitario.

- 102015- Dispositivos de atención a drogodependencias: necesidade de información relativa a todos aqueles centros, asociacións e programas dirixidos a persoas drogodependentes, tanto de titularidade pública como privada.
- 102016- Dispositivos de atención a patoloxías específicas: necesidade de información relativa a todos aqueles centros, asociacións e programas dirixidos a colectivos que teñan enfermidades que, polas súas características, precisen unhas atencións concretas (sida, cancro, esclerose múltiple, fibromialxia...).
- 102017- Atención temperá: Información, orientación e asesoramento sobre os recursos de saúde en materia de desenvolvemento infantil
- 102018- Centros de orientación familiar: necesidade de información relativa aos centros dependentes do Sergas e que atenden consultas sobre métodos anticonceptivos e planificación familiar, psicosexuais e de parella, interrupcións voluntarias do embarazo, atencións por violacións e abusos sexuais e problemas psicosociais derivados da anticoncepción e da sexualidade.
- 102019- Programas municipais de saúde: necesidade de información sobre os programas de educación para a saúde cos que contan os concellos e que inclúen prevención do consumo de drogas, enfermidades de transmisión sexual, educación sexual, trastornos da alimentación...

- 10202- EDUCACIÓN

- 102020- Educación
- 102021- Centros de atención á infancia, garderías: necesidade de información sobre aqueles establecementos de carácter diúrno que teñen como finalidade prestar unha atención de apoio aos pais, titores, gardadores dos nenos entre 3 meses e 3 anos, cando concorran situacións ou circunstancias que requiran este tipo de coidados.
- 102022- Cheque infantil: necesidade de información relativa á convocatoria anual de axudas económicas para a atención de nenos/as de 0 a 3 anos en escolas infantís non sostidas con fondos públicos.
- 102023- Bolsas e axudas de escolarización: necesidade de información sobre aquelas que proveñan de calquera Administración (municipal, autonómica, estatal...).
- 102024- Prazas e axudas de residencia para cursar estudos: necesidade de información sobre aquelas que proveñan de calquera Administración (municipal, autonómica, estatal...), co fin de cubrir gastos de residencia do/a alumno/a fóra do seu fogar.
- 102025- Educación de adultos: necesidade de información sobre formación regrada para persoas maiores de 18 anos, que comprende a alfabetización, ensinanzas equivalentes á ESO, preparación de acceso á universidade...
- 102026- Educación especial: necesidade de información sobre toda aquela educación dirixida ao alumnado que presente necesidades educativas especiais.
- 102027- Programas de cualificación profesional inicial: necesidade de información sobre programas formativos para o alumnado que non alcanza os obxectivos da educación secundaria obrigatoria, co fin de proporcionarlles unha formación básica e profesional que lles permita incorporarse ao mercado laboral ou proseguir os estudos nas distintas ensinanzas reguladas pola lei e, especialmente, na formación profesional específica de grao medio.
- 102028- Servizos municipais de educación: necesidade de información sobre todos aqueles recursos educativos que teñan titularidade municipal.
- 102029- Comedor escolar

- 10203- VIVENDA

- 102030- Vivenda
- 102031- Vivenda de promoción pública (Instituto Galego de Vivenda e Solo): necesidade de información sobre as distintas posibilidades de adquisición de vivenda promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo ao abeiro do establecido na normativa que regula o seu financiamento e adxudicación,
- 102032- Plan vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia: necesidade de información sobre as axudas para a compra de vivenda de promoción privada, construción da propia vivenda, rehabilitación e reconstrución, promoción de vivenda protexida e calquera outra que poida establecerse durante a vixencia do plan.
- 102033- Plan vivenda municipal: inclúe a necesidade de información sobre todas aquelas axudas para a construción, adquisición, rehabilitación... enmarcadas dentro dun plan municipal para a vivenda.
- 102034- Bolsa de alugamento de vivenda: inclúe a necesidade de información sobre o programa autonómico e/ou estatal, se é o caso, xestionados polo Instituto Galego de Vivenda e Solo para fomentar a vivenda en alugamento en todo o territorio de Galicia.
- 102035- Programas de erradicación do chabolismo/infravivenda rural: inclúe a necesidade de información para o acceso á vivenda das persoas que habitan en chabolas ou infravivendas rurais mediante as seguintes actuacións: promoción e adquisición da propia vivenda, promoción de vivendas públicas e subvencións para o alugamento.
- 102036- Programa de prevención de desafiuzamentos.

- 10204- PENSIÓNS: Reguladas polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de Seguridade Social.

- 102040- Pensións
- 102041- Pensións de xubilación: necesidade de información sobre as pensións do sistema contributivo.
- 102042- Pensións de invalidez: necesidade de información sobre as pensións do sistema contributivo.
- 102043- Pensións de viuvez: necesidade de información sobre as pensións de morte e supervivencia.
- 102044- Pensións de orfandade: necesidade de información sobre as pensións de morte e supervivencia.
- 102045- Pensións a favor de familiares: necesidade de información sobre a pensión que se lles concede a aqueles familiares que conviviron e dependeron economicamente da persoa falecida Real decreto 296/2009, de 6 de marzo, polo que se modifican determinados aspectos da regulación das prestacións de morte e supervivencia.). Só se rexistrarán "pensións a favor de familiares", non o "subsidio", que se sinala nun código posterior.
- 102046- Prestación familiar por fillo/a a cargo con discapacidade: Real decreto 1335/2005, do 11 de novembro, polo que se regulan as prestacións familiares da Seguridade Social.
- 102047- Prestación por razón de necesidade (ancianidade e incapacidade absoluta) a favor dos emigrantes españois: necesidade de información sobre a pensión prestación por razón de necesidade abrangue as seguintes prestacións: Prestación económica por ancianidade e Prestación económica por incapacidade absoluta para todo tipo de traballo. Real decreto 8/2008, de 11 de xaneiro polo que se regula a prestación por razón de necesidade a favor dos españois residentes no exterior e retornados. (BOE nº 21, do 24/01/2008).

- 10205- PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO

- 102050- Prestacións por desemprego: (sinalar neste código esta prestación) necesidade de información sobre a prestación para os traballadores que perden involuntariamente o emprego, e teñen cotizado o

desemprego 360 días ou máis. Consta dunha prestación económica e o pagamento á Seguridade Social da cotización de determinadas prestacións.

- 102051- Subsidio por desemprego: información sobre subsidio de desemprego e/ou prórroga.
- 102052- Renda activa de inserción: necesidade de información sobre a prestación que ten por obxectivo incrementar as oportunidades de retorno ao mercado de traballo de determinados colectivos de traballadores desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para atopar emprego.

- 10206 OUTROS SUBSIDIOS

- 102060- Outros subsidios
- 102061- Subsidios a favor de familiares: necesidade de información sobre o subsidio que se lles concede a aqueles familiares, fillos/as e/ou irmáns/ás maiores de 22 anos, solteiros, viúvos, separados xudicialmente ou divorciados, que conviviron e dependeron economicamente da persoa falecida. Real decreto 296/2009, de 6 de marzo, polo que se modifican determinados aspectos da regulación das prestacións de morte e supervivencia.

- 10207- RECURSOS DE EMPREGO

- 102070- Recursos de emprego
- 102071- Servizo Público de Emprego (SEPE): necesidade de información xeral sobre o sistema público estatal de emprego, por exemplo, condicións para percibir a prestación por desemprego, subsidio...
- 102072- Servizo Público de Emprego de Galicia: necesidade de información sobre o sistema público autonómico de emprego.
- 102073- Servizos municipais de emprego: necesidade de información sobre o sistema municipal de emprego.
- 102074- Escola obradoiro: necesidade de información sobre estes equipamentos, que son unidades de carácter temporal nas que a aprendizaxe e a cualificación se alternan cun traballo produtivo en actividades relacionadas coa recuperación ou a promoción do patrimonio histórico, artístico, cultural ou natural; así como con calquera outra actividade de carácter público ou social que permita a inserción a través da profesionalización e da adquisición de experiencia das persoas participantes.
- 102075- Obradoiro de emprego: necesidade de información sobre estes programas, que combinan accións de formación e emprego, dirixidos a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, de 25 ou máis anos, coa finalidade de facilitar a súa posterior integración no mercado de traballo.
- 102076- Formación para o emprego para facilitar a inserción laboral necesidade de información sobre accións formativas que poida desenvolver o sistema público de emprego, por exemplo, certificados de profesionalidade, outros.
- 102077- Centros especiais de emprego: necesidade de información sobre os centros que teñen por obxectivo principal realizar un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións do mercado. Teñen como finalidade asegurar un traballo remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores con discapacidade, ao mesmo tempo que son un medio de integración dun maior número posible de persoas con discapacidade a un réxime de traballo normalizado. Real decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. (BOE nº 289 do 3/12/2013) e Real decreto 2273/1985 do 4 de decembro polo que se aproba o regulamento de centros especiais de emprego (BOE 9/12/85).
- 102078- Medidas de fomento de emprego do SEPE: necesidade de información sobre as medidas concretas de fomento de emprego que teña o sistema público de emprego.

- 102079- Servizos de emprego de organizacións non lucrativas: necesidade de información sobre todos os servizos e programas de emprego pertencentes a organizacións do terceiro sector
- **10208- TRÁMITES XURÍDICOS DE XUSTIZA**
 - 102080- Trámites xurídicos de xustiza
 - 102081- Xustiza gratuíta: necesidade de información sobre o procedemento para acceder a este recurso (Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, en cumprimento do mandato constitucional levado a cabo pola Lei orgánica do poder xudicial). Na nosa comunidade autónoma, está regulado polo Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia.(DOG nº 242 do 15/12/2008).
 - 102082- Orde de protección para vítimas de violencia doméstica: necesidade de información sobre as medidas que unifican os distintos instrumentos de amparo e tutela ás vítimas destes delitos e faltas. Está regulado pola Lei 27/2003, do 31 de xullo.
 - 102083- Rexistro civil: necesidade de información sobre todas aquelas tramitacións que se leven a cabo nel.
 - 102084- Incapacidade e tutela de persoas adultas: a Lei 13/1983, do 24 de outubro, que modifica o Código civil en materia de tutela, establece que ningunha persoa pode ser declarada incapaz se non é por sentenza xudicial e en virtude das causas establecidas pola lei.
- **10209- OUTROS**
 - 102090- Outros
 - 102091- Información ao consumidor: necesidade de información sobre os dereitos e obrigas das persoas consumidoras e sobre as oficinas de información ao consumidor.
 - 102092- Aprazamento/exención das taxas municipais: necesidade de información sobre taxas como a da auga, recollida de lixo, circulación...
 - 102093- Abono anticipado de deducións familiares da AEAT para nais traballadoras con fillos menores de tres anos, e por familia numerosa, monoparental e discapacidade: Lei 35/2006, de 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas (art. 81) (BOE nº 285 do 29/11/2006) e Real decreto 1003/2014, de 5 de decembro, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, de 30 de marzo, en materia de pagos a conta e deducións por familia numerosa ou persoas con discapacidade a cargo (BOE nº 295 do 6/12/2014).
 - 102094- Información cultural, sobre ocio e tempo libre

103- INFORMACIÓN SOBRE RECURSOS DE PARTICIPACIÓN SOCIAL: necesidade de información sobre calquera expresión solidaria que, en forma de servizos, axudas ou grupos, poida xerar a propia comunidade por si mesma.

- **10301- ASOCIACIONISMO**
 - 103010- Asociacionismo
 - 103011- Creación e asesoramento sobre recursos e asociacións
 - 103012- Asociacións de mulleres
 - 103013- Asociacións de veciños (AAVV)
 - 103014- Asociacións de nais e pais de alumnado (ANPA)

- 103015- Asociacións culturais, deportivas, ambientais
- 103016- Asociacións de persoas con discapacidade
- 103017- Asociacións de maiores e pensionistas
- 103018- Asociacións xuvenís
- 103019- Asociacións de axuda a colectivos en risco de exclusión
- 10302- VOLUNTARIADO
 - 103020- Voluntariado
 - 103021- Oficina Municipal de Voluntariado
 - 103022- Entidades de acción voluntaria: entidades formadas maioritariamente por persoas voluntarias e que desenvolven actividades a favor da comunidade.
- 10303- OUTROS
 - 103030- Outros
 - 103031- Oficina de participación cidadá
 - 103032- Consellos municipais (servizos sociais, muller, saúde...)
 - 103033- Grupos de autoaxuda
 - 103034- Sindicatos
 - 103035- Partidos políticos

2 NECESIDADE RELACIONADA COA AXEITADA CONVIVENCIA PERSOAL E FAMILIAR

Neste código reflíctense aquelas circunstancias de necesidade que teñan como consecuencia unha carencia ou deficiencia nas relacións de convivencia persoais ou familiares. As causas poden ser por carencia dun marco convivencial, por limitacións deste para satisfacer adecuadamente as necesidades dos seus membros ou cando coinciden desaxustes ou circunstancias traumáticas.

201- DESAXUSTES CONVIVENCIAIS: fai referencia a aquelas circunstancias nas que existe unha inadecuada convivencia debido a unha problemática específica entre os seus membros. Pode deberse tanto a que a unidade convivencial se atope incompleta como a aquelas outras situacións nas que algún dos seus membros incumpe as súas obrigas, sexan estas económicas, de atención...

Da mesma maneira, recóllense neste código as limitacións do marco de convivencia persoal/familiar para atender a algúns dos seus membros que, por determinadas circunstancias, requiran unha atención máis específica ou naquelas outras nas que o desaxuste vén producido pola incapacidade dos membros da unidade para establecer entre eles relacións positivas ou para realizar unha adecuada administración do fogar.

Algunha destas circunstancias, en si mesmas, non definen unha situación de necesidade (viuvez, separación, divorcio, nai-pai solteiros, orfandade), polo que será o/a traballador/a social quen, coa súa valoración, defina se o usuario presenta unha situación de necesidade que xere desaxustes convivenciais.

- **20101- INCUMPRIMENTO DE OBRIGAS ECONÓMICAS:** están obrigadas a prestar asistencia, nos termos referidos nos artigos 93, 142 e 143 do Código civil, os cónxuxes, ascendentes e descendentes, nesta mesma orde.
 - 201010- Incumprimento de obrigas económicas
 - 201011- Incumprimento de obrigas económicas vivindo no mesmo fogar
 - 201012 - Incumprimento de obrigas económicas vivindo fóra do fogar
- **20102- DIFICULTADE PARA ATENDER A MEMBROS QUE PRECISAN ATENCIÓN ESPECÍFICA:** fai referencia a un membro da familia que, por circunstancias relacionadas tanto coa idade, co estado físico, ou con calquera outro tipo de circunstancia, requiren, temporal ou permanentemente, de coidados ou atencións específicos; sempre e cando estas dificultades presenten un desaxuste convivencial.
 - 201020- Dificultade para atender a membros que precisan atención específica
 - 201021- Menor de 0 a 6 anos con trastorno de desenvolvemento ou con risco de padecelo Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá. (DOG nº 244 do 23/12/2013)
 - 201022- Menor en idade escolar obrigatoria (a partir 6 anos)
 - 201023- Familiar maior
 - 201024- Familiar con discapacidade psíquica: persoa con trastornos no comportamento adaptativo, previsiblemente permanente. Inclúe atraso mental, trastornos da aprendizaxe, trastornos xeneralizados do desenvolvemento, trastornos por déficit de atención e comportamento perturbador e enfermidade mental.
 - 201025- Familiar con discapacidade física: persoa con perda na capacidade física. Inclúe persoas con deficiencias motóricas osteoarticulares, motóricas do sistema nervioso, deficiencias viscerais.
 - 201026- Familiar con discapacidade sensorial: persoa con perda na capacidade visual, auditiva e/ou na linguaxe, fala e voz.

- 201027- Familiar con discapacidade mixta: persoa que presenta máis dunha das discapacidades anteriores (psíquica, física e/ou sensorial).
- 201028- Familiar con problemas de adiccións: persoa que presenta comportamentos adictivos a substancias de orixe natural ou sintético que, introducidas no organismo por calquera vía de administración, produce cambios no funcionamento do sistema nervioso central do consumidor e é, ademais, capaz de xerar dependencia, xa sexa de tipo psicolóxica e/ou física. Neste código inclúese a dependencia do alcohol.
- 201029- Familia que acumule diferentes dificultades en varios membros: dous ou máis membros da unidade familiar que presentan algunha das circunstancias anteriormente descritas.
- 20103- DETERIORACIÓN DAS RELACIÓNS FAMILIARES: fai referencia ao desaxuste producido pola incapacidade dos membros da unidade para establecer entre eles relacións positivas.
 - 201030- Deterioración das relacións familiares
 - 201031- Conflitos de parella
 - 201032- Conflito con menores da unidade familiar
 - 201033- Conflitos interxeracionais
 - 201034- Conflitos entre outros membros adultos da unidade familiar
 - 201035- Conflitos coa familia extensa
 - 201036- Violencia doméstica entre membros da unidade familiar
 - 201037- Violencia doméstica cara persoas en situación de dependencia valorada
 - 201038- Violencia doméstica cara persoas con alguna discapacidade
 - 201039- Violencia doméstica de menores cara membros adultos da unidade familiar
- 20104- INADECUADA DISTRIBUCIÓN DO ORZAMENTO FAMILIAR: reflicte o desaxuste producido pola incapacidade dos membros da unidade familiar para realizar unha adecuada administración económica do fogar.
 - 201040- Inadecuada distribución do orzamento familiar
 - 201041- Incapacidade do/s membro/s adulto/s para administrar o presuposto familiar
 - 201042- Ludopatía nalgún membro da unidade familiar: adicción a xogos que implican investimento monetario de maneira patolóxica, o que se establece en función da contía e da perda de autocontrol á hora de xogar.
